

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA  
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE SANTISO O 13 DE DECEMBRO DE  
2019**

**ASISTEN**

**PRESIDENTE**

D. Manuel Adán López (BNG)

---

**CONCELLEIROS**

Dna. Sara Mato Agra (BNG)

D. Pablo Balboa Oro (BNG)

D. David Fernández Carril (BNG)

D. Alejandro Peón Pereiro (BNG)

Dna. Matilde Pallares Cagide (PP)

D. José David Leiva Balboa (PP)

D. Herminio Mouriño Orois (PSdeG-PSOE)

**SECRETARIO-INTERVENTOR**

D. Antonio Mosquera Rodríguez

**NON ASISTEN**

D. José Antonio Río Naviza (BNG)

Sendo as nove horas do día trece de decembro do ano dous mil dezanove, reúnese no Salón de Sesións da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados máis arriba, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Adán López, actuando como Secretario-Interventor D. Antonio Mosquera Rodríguez, que dá fe do acto.

Constituída validamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión coa seguinte orde do día:

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18/10/2019.**

O Sr. Alcalde-Presidente solicita aos membros do Pleno que manifesten se teñen algunha alegación que facer á referida acta da sesión celebrada en data 18/10/2019.

O Pleno municipal por unanimidade dos asistentes (8 concelleiros), **APROBA** a acta da sesión celebrada en data 18/10/2019.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2020.**

Vista a proposta de alcaldía de data 10/12/2019 que a continuación se transcribe:

**<< PROPOSTA DA ALCALDIA PRESIDENCIA**

Visto o expediente tramitado de Orzamento municipal para o exercicio 2020 do Concello de Santiso, esta Alcaldía presidencia propón que o Pleno municipal adopte o presente acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2020 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ambos estados á cantidade de **DOUS MILLÓNS CENTO OITENTA E TRES MIL SEISCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS -2.183.692,96 €** así como toda a documentación e anexos a él incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

<i>ORZAMENTO DE GASTOS 2020</i>		<i>ORZAMENTO DE INGRESOS 2020</i>	
<u>OPERACIONES CORRENTES</u>		<u>INGRESOS CORRENTES</u>	
<b>CAPITULO 1</b>	<b>492.705,00</b>	<b>CAPITULO 1</b>	<b>421.489,36</b>
<b>CAPITULO 2</b>	<b>939.659,27</b>	<b>CAPITULO 2</b>	<b>0,00</b>
<b>CAPITULO 3</b>	<b>200,00</b>	<b>CAPITULO 3</b>	<b>145.929,81</b>
<b>CAPITULO 4</b>	<b>22.460,00</b>	<b>CAPITULO 4</b>	<b>938.267,53</b>
<b>CAPÍTULO 5</b>	<b>0,00</b>	<b>CAPITULO 5</b>	<b>0,00</b>
<b>Total Gastos Correntes:</b>	<b>1.455.024,27</b>	<b>Total Ingresos Correntes:</b>	<b>1.505.686,70</b>

<b>ORZAMENTO DE GASTOS 2020</b>	<b>ORZAMENTO DE INGRESOS 2020</b>
<b>OPERACIONES CAPITAL</b>	<b>INGRESOS DE CAPITAL</b>
<b>CAPITULO 6</b> <b>728.668,69</b>	<b>CAPITULO 6</b> <b>0,00</b>
<b>CAPITULO 7</b> <b>0,00</b>	<b>CAPITULO 7</b> <b>678.006,26</b>
<b>CAPITULO 8</b> <b>0,00</b>	<b>CAPITULO 8</b> <b>0,00</b>
<b>CAPITULO 9</b> <b>0,00</b>	<b>CAPITULO 9</b> <b>0,00</b>
<b>Total Gastos Capital:            728.668,69</b>	<b>Total Ingresos Capital:        678.006,26</b>
<b>TOTAL GASTOS:                    2.183.692,96</b>	<b>TOTAL INGRESOS:                2.183.692,96</b>

**SEGUNDO.-** Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2020, tal e como son presentadas.

**TERCEIRO.-** Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, o anexo de persoal deste Concello.

**CUARTO.-** De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2020 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de se-lo caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

**QUINTO.-** O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos no antedito BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

**SEXTO.-** No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno

Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso - administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

**SÉTIMO.-** Unha vez completo o expediente, enviaranse os ficheiros correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando un terceiro para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.>>

A concelleira Dna. Matilde Pallares Cagide pregunta se se vai incluír asignación a grupos políticos.

O Sr. Alcalde respóndelle que non.

Pregunta así mesmo se se fará en anos posteriores.

O Sr. Alcalde manifesta que en principio non.

A mesma concelleira indica que lles gustaría que a transparencia fose outra, que lles doe que non se conte con eles e que esperan que aumenten os gastos en inversión.

O Sr. Alcalde dille que hai transparencia total e pídelles que se nalgún momento non se dera o caso, llo fagan saber.

O Pleno da Corporación, por 5 votos a favor (5 dos concelleiros do BNG) e 3 abstencións (2 dos concelleiros do PP e 1 do concelleiro do PSdeG-PSOE), **ACORDA** facer súa a referida proposta.

### **3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E APROBACIÓN DOS PROXECTOS DE OBRAS A INCLUIR NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2020.**

A concelleira Dna. Matilde Pallares Cagide indica que bota de menos un debate sobre as obras a incluír, di que debería de existir unha sesión anterior de planificación, mediante unha mesa de debate onde se poña de manifesto cales son as obras primordiais e moi necesarias.

O Sr. Alcalde manifesta que cando se escollen as obras estímase que son as necesarias.

A concelleira Dna. Matilde Pallares puntualiza que votan a favor da adhesión ao Plan pero que se absteñen nas obras incluídas xa que estiman que hai outras máis necesarias.

O Pleno da Corporación, por 5 votos a favor (5 dos concelleiros do BNG) e 3 abstencións (2 dos concelleiros do PP e 1 do concelleiro do PSdeG-PSOE), **ACORDA**

**1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación,**

separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

**B) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	96.679,65
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>96.679,65</b>

**C) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
CAMIÑO SAÍDA DE MOURAZOS E OUTROS	44.002,41	0,00	44.002,41
CAMIÑO Á PISCINA (VISANTOÑA) E OUTRO	32.130,45	0,00	32.130,45
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	<b>76.132,86</b>	<b>0,00</b>	<b>76.132,86</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PAVIMENTACIÓN CAMIÑO EN FELGUEIRA E OUTROS	41.822,21	0,00	41.822,21
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	<b>41.822,21</b>	<b>0,00</b>	<b>41.822,21</b>

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
-----	0,00	0,00	0,00
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2020</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
-----	-----	0,00
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>0,00</b>

**E) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	Achega 2019	0,00		0,00
	Achega 2020	0,00		0,00
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2020	96.679,65		96.679,65
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0,00		0,00
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2020	76.132,86	0,00	76.132,86
	Achega 2019	41.822,21	0,00	41.822,21
	Préstamo 2020	0,00	0,00	0,00
	Préstamo 2020	0,00		0,00
<b>D- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	Préstamo 2020	0,00		0,00
<b>TOTAL</b>	Achega 2020	172.812,51	0,00	172.812,51
	Achega 2019	41.822,21	0,00	41.822,21
	Préstamo 2020	0,00	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>214.634,72</b>	<b>0,00</b>	<b>214.634,72</b>

**2.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
CAMIÑO DE SAN PAIO A CRUCE BARAZÓN (NIÑODAGUIA)	47.943,71
CAMIÑO NA GRAÑA (VISANTOÑA)	60.900,24
CAMIÑO EN BALOCÁS (VISANTOÑA)	77.703,57
CAMIÑO Ó RIBEIRO (VISANTOÑA)	61.173,84
CAMIÑO Ó CASAL (SERANTES) E OUTROS	58.661,86
ACCESO A REBOREDO (VIMIANZO) E OUTRO	32.183,36
CAMIÑO Á PEDREIRA (SANTISO)	32.145,34
ACCESO A VIMIANZO	105.060,51
CANALIZACIÓN DE PLUVIAIS EN NOVELA	65.213,71
CAMIÑO BEIGONDO A FERRY	74.703,14
<b>TOTAIS</b>	<b>615.689,28</b>

**3.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**4.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

**5.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**6.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**7.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**8.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

#### **4º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.**

Dáse conta do Decretos de Alcaldía do número 292/2019 de data 21/10/2019, ata o número 323/2019 de data 10/12/2019, ambos os dous incluídos.

### **5º.- MOCIÓNS.**

Non se presentaron mocións.

### **6º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

A concelleira Matilde Pallares Cagide realiza as seguintes preguntas:

- Se se mirou o tema da titularidade do cruceiro de Visantoña.  
O Sr. Alcalde dille que non se mirou nada.
- Se non houbo Xuntas de Goberno Local posto que non se lle entregaron as actas, e solicita que se lles remitan.
- En canto ao decreto do bar da área recreativa da Cornella, pregunta se se tomou algunha decisión respecto á solicitude de exención total ou parcial do canon mensual a abonar polo adxudicatario.  
O Sr. Alcalde indícalle que de momento non se tomou ningunha decisión.
- En qué punto se atopa o expediente da Área do Liño.  
O Sr. Alcalde acláralle que este ano só se realizou a adquisición da finca.
- Qué trámites se fixeron cos roubos que están acontecendo.  
O Sr. Alcalde indícalle que houbo dous roubos, un foi a batería do camiión e outro no bar da Cornella, e que se presentou a correspondente denuncia ante a Garda Civil.

E sen máis asuntos que tratar, sendo dez horas e cinco minutos, levantouse a sesión polo Sr. Alcalde, estendéndose a presente acta de todo o que, como secretario, dou fe.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**